

PARECE UNHA ROSA

VENTE, RAPAZA
VENTE, MENIÑA,
VENTE A LAVAR
NO PILÓN DA FONTIÑA.

VENTE MINGUIÑO,
MINGUIÑO VENTE;
DOUCHE, SENÓN
POLO DEMO DO DENTE.

¡QUÉ AUGA TAN LIMPA!
¡QUÉ RICA FRESCURA!
VENTE A LAVAR,
QUE É UN PRIMOR, CRIATURA.

VÁLLAME DEUS,
QUE SE AUGUIÑA NON_HOUBERA,
LAMA ESTE CORPO
MORTAL SE VOLVERA.

VINDE A LAVARVOS,
ANDA LIXEIRIÑOS,
A CARA PRIMEIRO
DESPOIS OS PEIÑOS.

¡AI! ¡QUE NENIÑA!
¡QUÉ NENA PRECIOSA!
DESPOIS DE LAVADA
PARECE UNHA ROSA.

E ESTE MENIÑO
QUE TEÑO NO COLO,
DESPOIS DE LAVADO
PARECE UN REPOLO.

¡AI! ¡QUÉ TAN CUCO!
¡AI!, ¡QUÉ SANTIÑO!
VEN AOS MEUS BRAZOS
DAREICHE UN BIQUIÑO.

¡OLLIÑOS DE GLORIA!
¡CARIÑA DE MEIGA!
¡APÉRTAME BEN,
CORAZÓN DE MANTEIGA!

CORRE, CORRE,
A QUE ANTONIA TE PEITE;
CORRE, DARACHE
UNHA CUNHA DE LEITE.

CORRE, CORRE
A TEU PAI, MARIQUIÑA
QUE COME CEBOLA
CON PAN E SARDIÑA.

